Literatura galega e castelá (1900-1975). Unha visión conxunta e integrada

Guía didáctica

González Díaz, María del Carmen
Pérez Aldariz, Belén

1. INTRODUCIÓN 2

2. OBXECTIVOS XERAIS 3

3. ASPECTOS CURRICULARES NOS QUE INCIDEN 3

3.1. Obxectivos 3

3.2. Contidos 6

3.3. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, modelo de actividades 7

3.4. Competencias clave 12

4. METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS 13

5. ACTIVIDADES 15

6. AVALIACIÓN DO ALUMNADO (RETROALIMENTACIÓN) 19

1. INTRODUCIÓN

Ó abeiro da licenza de formación, publicada na Resolución do 9 de maio de 2017 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2017/18, destinadas ao funcionariado docente non universitario, e se aproban as súas bases de concesión (modalidade 2), elaboránronse estes materiais didácticos, para as materias de Lingua e Literatura galegas e Lingua e Literatura castelás, dirixidos a 4º de ESO, se ben moitos deles poden ser empregados a xeito de actividades introdutorias ou de repaso en cursos superiores.

Trátase de seis "espazos web" que se corresponden con tres etapas literarias e tres xéneros literarios, distribuídas do seguinte xeito:

- Poesía de principios do S. XX a 1936
- Narrativa de principios do S. XX a 1936
- Teatro de principios do S. XX a 1936
- Poesía de 1936 ata a democracia
- Narrativa de 1936 ata a democracia
- Teatro de 1936 ata a democracia

Os recursos incluídos en cada "espazo" xiran en torno á literatura galega e á literatura castelá correpondente ó xénero e etapa indicados; porén, tratouse de integrar os contidos relativos a ambas materias nun contexto máis amplo que puxese en relación, non só as dúas literaturas, senón outras literaturas occidentais, así como as demais manifestacións culturais relacionadas. Asemade, prestouse especial atención á inclusión das mulleres.

2. OBXECTIVOS XERAIS

En coherencia co dito anteriormente, os recursos aquí presentados pretenden:

- Fomentar a interdisciplinariedade, posto que permiten un tratamento integrado de contidos de ambas manterias.
- Establecer conexións entre as diferentes manifestacións artísticas para obter unha visión de conxunto, evitando os "compartimentos estanco".
- Evidenciar o labor das mulleres nos campos que se mencionen: pintoras, científicas, escritoras…, fuxindo dunha selección de eventos protagonizados exclusivamente por homes.

3. ASPECTOS CURRICULARES NOS QUE INCIDEN

3.1. OBXECTIVOS

Os materiais aquí presentados contribúen a que o alumnado acade varios dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria recollidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, deste xeito:

OBXECTIVOS	CONTRIBUCIÓN
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.	Son tres os aspectos dos ODE que fan fincapé nestes obxectivos: -a proposta de actividades para realizar en grupo e mais de xeito individual. -a selección de textos, na medida do posible, con temática comprometida: paz, solidariedade, defensa dos dereitos humanos… -a incorporación de mulleres escritoras nos períodos tratados, así como de mulleres científicas, pintoras, cineastas… nos eventos que contextualizan a etapa
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.	O emprego dos materiais dos ODE incide directamente sobre este obxectivo, xa que o alumnado deberase manexar a través dos distintos apartados que os conforman e deberá procurar información en diferentes fontes dixitais con distintos formatos.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.	Malia non estar vinculados directamente con este obxectivo, os contidos dos ODE si se presentan de xeito integrado, contribuíndo así á construción dun saber cuxas distinas parcelas se interrelacionan constantemente.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.	Resaltariamos deste obxectivo a capacidade para aprender a aprender, que se traballa desde o momento en que o alumnado se enfronta a un material amplo e diverso, do que debe extraer aquilo máis significativo e, a partir de aí, construír os novos materiais precisos para acadar coñecemento.
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.	Este obxectivo empata directamente cos contidos dos ODE, posto que se centran no estudo da literatura, tanto galega como castelá.
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.	Aínda que, evidentemente, non é este un obxectivo propio das materias sobre as que xira este recurso, o certo é que si achega unha pequena contribución ó incluír textos literarios en distintos idiomas (coas traducións oportunas cando fose preciso).

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. m) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.	Os eventos que se empregarán para a contextualización tratan directamente estes obxectivos, e fano ademais dun xeito integrado.
o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.	O feito de tratar as literaturas galega e castelá conxuntamente, así como outras literaturas e manifestacións culturais, axuda a pór en valor a propia cultura e a propia lingua, evitando prexuízos. Por outro lado, tamén se establecerán relacións coa literatura en lingua portuguesa, quedando patente a vinculación do galego e do portugués.

3.2. CONTIDOS

Os contidos curriculares que se desenvolven nestes recursos están vencellados, principalmente, cos contidos prescritos nos bloques de educación literaria, especialmente cos seguintes:

- Aproximación ás obras máis representativas da literatura española do século XVIII[1] aos nosos días a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, no seu caso, obras completas. Reflexión e superación de estereotipos (de xénero, clase, crenza...).
- Consulta de fontes de información variadas para a realización de traballos e cita adecuada destas.
- Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da Literatura Galega de 1916 ata a actualidade.

Aínda que tamén inciden noutros contidos deste bloque que requiren uns coñecementos previos que este recurso proporciona.

3.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, MODELO DE ACTIVIDADES

Ademais de obxectivos e contidos, as actividades deseñadas teñen en conta os outros elementos do currículo, de xeito que tanto os criterios de avaliación como os estándares de aprendizaxe que se abordan se ven reflectidos nelas.

Como pode comprobarse, os criterios e estándares do bloque "educación literaria" de ambas materias son moi parecidos, polo que se optou por agrupalos tendo en conta esta similitude[2] e, asemade, vinculalos co tipo de actividade correspondente:

[1] Neste caso, desde principios do S.XX ata 1975; período igualmente tratado no referente á literatura galega.

[2] Os marcados en azul correspóndense co decreto curricular base de Lingua Galega e Literatura, e os sinalados en verde, co de Lingua Castelá e Literatura.

CRITERIO DE AV.	Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes.
ESTÁNDA-RES	Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.). Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.
MODELO ACTIVIDA-DES	Actividades finais de cada ODE que inclúen exercicios de comparación entre distintas manifestacións culturais, textos de distintas literaturas, actividades de reflexión e achega individual, propostas para fomentar a creatividade do alumnado… e afectan a tódolos contidos do ODE (diferentes correntes e autores/as), favorecendo a interrelación.

CRITERIO DE AV.	Comprender textos literarios representativos do século XVIII aos nosos días recoñecendo a intención do autor, o tema, os trazos propios do xénero ao que pertence e relacionando o seu contido co contexto socio-cultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación existente con xuízos persoais razoados. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da Literatura Galega de 1916 ata a actualidade
ESTÁNDA-RES	Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVlll[3] aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados. Identifica os distintos períodos e xeracións da Literatura Galega de 1916 ata a actualidade

[3] Os recursos refírense ó período de tempo que comprende desde inicios do S.XX ata 1975.

	Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da Literatura Galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.
MODELO ACTIVIDADES	Actividades de cada pestana, tanto interactivas como para realizar en papel, vencelladas a unha determinada corrente e/ou autor ou autora: clasificar obras, características, análises de textos (narrador, personaxes, espazo, recursos literarios…).

CRITERIO DE AV.	Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo académico en soporte papel ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal e utilizando as tecnoloxías da información. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
ESTÁNDA-RES	Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

MODELO ACTIVIDA -DES	A selección e reelaboración da información partindo da consulta de diferentes materiais e fontes, que se ofrecen neste recurso educativo, permiten a avaliación destes estándares.

CRITERIO DE AV.	Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da Literatura Galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.
ESTÁNDA -RES	Le autonomamente obras ou textos representativas da Literatura Galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.
MODELO ACTIVIDA -DES	Tanto as actividades de cada pestana como a final de cada ODE inciden neste tipo de contidos.

CRITERIO DE AV.	Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ó coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes ós nosos, reais ou imaxinarios. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
ESTÁNDA -RES	Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.

	Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios
MODELO ACTIVIDA-DES	Os textos seleccionados para as actividades de cada "pestana" contemplan, entre outros factores, a existencia de versións recitadas, musicadas…, procúrase que permitan practicar coa dimensión expresiva e que, deste xeito, posibiliten tamén o traballo doutros bloques de contidos (por exemplo, comunicación oral) e doutras competencias.

CRITERIO DE AV.	Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.
ESTÁNDA-RES	Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.
MODELO ACTIVIDA-DES	Nas actividades finais, propóñense tamén tarefas que desenvolven a creatividade do alumnado: creación de textos seguindo un modelo, elaboración de versións, videopoemas, finais alternativos… dependendo do período que se estea traballando nese momento.

Malia mencionar aquí unicamente estándares relacionados co bloque de "educación literaria", o certo é que nas actividades poden entrar en xogo outros estándares, referidos a outros bloques de contidos, que o profesorado poderá avaliar na medida que considere oportuno (por exemplo, os referidos á "comunicación escrita", "funcionamento da lingua", etc.).

Cómpre sinalar que a avaliación destas actividades non impide o emprego doutros instrumentos de avaliación para aplicar, ben a todos os contidos dos ODE, ben a parte deles, podendo incluso combinar un apartado destes recursos con outro tipo de contidos da materia.

Por último, é importante mencionar a posibilidade de autoavaliación das actividades propostas, posto que algunhas das interactivas xa incorporan esa opción e, de calquera xeito, cada ODE constará dun apartado co solucionario, tal como se indica máis arriba.

3.4. COMPETENCIAS CLAVE

Dado o tipo de contidos que se traballan, é evidente que a competencia en comunicación lingüística (CCL) e a conciencia e expresións culturais (CSEC) constitúen o eixo en torno ó que xiran, posto que a lingua e os contidos literarios e artísticos son os seus piares básicos; porén, a súa contribución ó desenvolvemento competencial non se reduce a isto, posto que este tipo de traballo tamén está claramente vinculado coa competencia dixital (CD) e coa competencia de aprender a aprender (CAA).

A CD trabállase desde o momento en que o alumnado precisa empregar ferramentas dixitais no seu proceso de aprendizaxe e, asemade, esta competencia únese á CAA e incluso á CCL, xa que, como se explicará ó tratar o apartado da metodoloxía, o alumnado deberá buscar, seleccionar e transformar información proporcionada por distintas fontes dixitais.

Este labor poderase realizar de xeito individual ou en grupos, polo que se pode aproveitar para o desenvolvemento da competencia social e cívica (CSC).

4. METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

O recurso responde a varios dos principios metodolóxicos indicados no artigo 11 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así:

- A metodoloxía será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado.
- Fomenta o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, especialmente, no noso caso, do profesorado que imparte as materias de Lingua Galega e Literatura e de Lingua Castelá e Literatura, podendo implicar, de modo máis indirecto, o profesorado de Historia, Música, Educación Plástica…
- Promove a integración e uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación na aula, como recurso eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
- Permite que as dúas literaturas se impartan de xeito integrado, empregando unha mesma terminoloxía, un criterio metodolóxico similar… e evitando superposicións ou repeticións de aspectos similares.

Cada apartado dos espazos web permitirá un tratamento metodolóxico diferente, debido a que o uso dos materiais requerirá a combinación de distintas estratexias: técnicas expositivas

por parte do profesorado, actividades que precisan unha participación moi activa por parte do alumnado (sexa individualmente, sexa en grupo) e incluso a súa autocorrección…

As liñas do tempo son susceptibles de constituír a base a partir da cal o profesorado poderá mostrar unha panorámica xeral da etapa, da corrente literaria, do autor ou autora… ó seu alumnado. Debemos ter en conta que moitos dos eventos incluirán referencias internas a outros (da mesma materia, ou non) cos que están vencellados, o que facilita unha visión integrada das diferentes manifestacións culturais.

Ademais da información achegada na liña do tempo, ofrécese outra en documentos en pdf, libros ARDORA, ligazóns… que permiten ampliar dita información, de maneira que o propio alumnado poida, coa guía do seu profesor/a, ir seleccionando os datos oportunos e elaborar os seus propios apuntamentos. Non pretendemos, pois, ofrecerlle ó alumnado un material xa completamente rematado, senón que deben ser eles e elas quen, a partir desta base, constrúan o coñecemento; aplícase entón unha metodoloxía básica para traballar varias das competencias antes mencionadas, especialmente a de aprender a aprender, a de comunicación lingüística e a dixital.

Polo que respecta ás actividades, cada ODE incorpora algunhas referidas ós contidos agrupados en cada pestana e mais, cando menos, unha actividade final, que se refire a tódalas pestanas. Inclúense actividades variadas, tanto no que atinxe á súa realización (susceptibles de ser feitas de maneira individual e en grupo) como ó tipo: interactivas e para realizar en papel; de resposta pechada e de resposta aberta…

Nas actividades finais inclúese algunha que fomente a interdisciplinariedade, a autonomía e a creatividade, baseada, na medida do posible, no establecemento de comparacións entre diferentes manifestacións literarias, ben entre os propios textos literarios, ben entre estes e

outras artes (pintura, cine, música…). Asemade, hai tamén algunha actividade máis sinxela que pode servir como reforzo ou afianzamento do aprendido, atendendo tamén deste xeito á diversidade do alumnado.

5. ACTIVIDADES

Tanto no apartado "Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, modelo de actividades", como no de "Metodoloxía e orientacións didácticas", fíxose xa referencia ó tipo de actividades que se inclúen nos "espazos web", á súa vinculación con outros elementos do currículo, á súa posible realización de xeito individual ou en grupo, ás características das actividades finais, etc.

Faremos aquí, pois, tan só unha breve recompilación dalgúns dos distintos tipos de actividades:

<u>Sopas de letras:</u>



Actividades para relacionar:



Test:



Traballo con textos con preguntas de resposta pechada:

- "Figura que todos os pazos destas terras foron trazados á mesma idea; todos eles miran para a posta do sol", dixo o monxe póndose de peitos no grande balcón de ferros traballados.
- "Considere vosa Paternidade que os morgados non temos gran cousa que facer e aquí, na aldea, precisamos de boas vistas para esparexer o ánimo, e de camiño vixiar as idas e voltas dos paisanos", respondeulle don Caetano de Doncos ó tempo de ofrecer ó eclesiástico unha toma de rapé.

O serán xa unha miguiña outonizo do setembro dourado espallábase docemente polos descubertos circos do horizonte. Solemnidade. Gusto da propia beleza. Medo da noite crecedeira. As bocarribeiras alongábanse en herdades, soutos e nabeiras, esmaltadas aquí e acolá polos treitos de colmo dos lugares. Ó correr das cercas das viñas adiviñábanse os trazados dos camiños. Chegaban salaios dos eixes dos carros cargando dos eidos os primeiros millos recollidos. Descontra o poñente o chan da parroquia encostábase en cotos penedosos e fondas quebradas en baixada esporente ó val, xa asolagado polo empardecer ribeirán.

Cap.I. Os pazos no serán ("Os señores da terra": *Os camiños da vida*)

Mostrar tódalas preguntas

1 / 7 =>

A conversa entre don Caetano (o Fidalgo) e o monxe abre o libro de Pedrayo; a continuación descríbese a viaxe anterior do monxe ó pazo. Este inicio pode considerarse:

A. ? In media res (no medio da historia)

B. ? Ab initio (no comezo da historia)

C. ? In extremis (no final da historia)

Traballo con textos con preguntas de resposta aberta:

¡Ay! La pobre princesa de la boca de rosa,
quiere ser golondrina, quiere ser mariposa, 20
tener alas ligeras, bajo el cielo volar,
ir al sol por la escala luminosa de un rayo,
saludar a los lirios con los versos de mayo,
o perderse en el viento sobre el trueno del mar. [...]

.

.

[1] Golconda: fortaleza y ciudad en ruinas de la India. Había sido centro de producción, talla y pulido de Diamantes. La fama de sus tesoros era legendaria.

1. **Busca en el texto ejemplos que justifiquen su adscripción al Modernismo poético:**

- ¿Qué tipo de sentimientos predominan?:
- Exotismo y evasión:
- Vocabulario relacionado con los sentidos:
- Imágenes sugerentes:
- Aliteraciones:

Ordenar:

Ordena os seguintes fragmentos de *Sempre en Galiza*, de Castelao.
Os signos de puntuación axudaranche.

arte | Unha | unha | que | de | arte; | obra | máis | é
matriz | inagotable | de | obras | lingua | é | de

TEMPO:
323
ACERTOS:
0/5
INTENTOS:
0/4

?

Aforcado:



6. AVALIACIÓN DO ALUMNADO (RETROALIMENTACIÓN)

Como se mencionou máis arriba, a maioría das actividades permite a autocorrección por parte do propio alumnado e, en calquera caso, en cada "espazo web" incorpórase un solucionario, polo que sempre se poderá comprobar a resposta correcta. Deste xeito, o alumnado pode realizar unha autoavaliación do seu proceso de aprendizaxe.

Por outro lado, as actividades de resposta aberta parecen máis axeitadas cás anteriores para unha avaliación levada a cabo polo profesorado ou incluso para unha avaliación entre iguais.

Ó final de cada "espazo web", como xa quedou dito, aparecen actividades finais que poden formar parte dunha avaliación final.